

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 19 DE SETEMBRO DO 2024.

ASISTENTES:

|   |  |
|---|--|
| <p><b>Presidente:</b><br/>PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p><b>Membros que asisten:</b><br/><br/>MARIÑO DE BRICIO VICENTE<br/>SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO<br/>VIDAL PEON XABIER<br/>POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA<br/>BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA<br/>FURONES RAMOS JUAN LUIS</p> | <p><b>Interventor:</b><br/>BAO CASTRO PABLO</p> <p><b>Secretario Xeral:</b><br/>SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p><b>Membros que non asisten:</b><br/><br/>ABRALDES PEREZ FERNANDO</p> |
|---|--|

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 13:25 do día Dezanove de Setembro do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/064**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/09/2024. DECRETO: "Aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha PSICÓLOGO/A CLÍNICO/A para a UNIDADE DE CONDUTAS ADITIVAS (UCA) do Concello de Ribeira."

**3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/071**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/09/2024. DECRETO: "Aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a cobertura temporal dunha praza de MÉDICO/A para a UNIDADE DE CONDUTAS ADITIVAS (UCA) do Concello de Ribeira"



**4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/099**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/09/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD Y DEL PLAN DE GESTIÓN DE RESÍDUOS DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DENOMINADO “INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA”\_3 LOTES: LOTE 1: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA GENERACIÓN, NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL. LOTE 2: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO, CENTRO DEPORTIVO FIEITEIRA. LOTE 3: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO, UAD” FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

**5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/152**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/09/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE “REGENERACIÓN DEL BORDE LITORAL DE LA PLAYA DE LOS MOSQUEIROS Y FONTE SECA (CASTIÑEIRAS). FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION-EU.”

**6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/157**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/09/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD, DIRECCIÓN FACULTATIVA DE LAS OBRAS Y COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD PARA LA “REHABILITACIÓN DEL CONSERVATORIO DE AGUIÑO (PIREP 2)” - REACT-UE NEXT GENERATION”

**7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/166**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/09/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE “REORDENACIÓN DE LA PLAZA DEL CENTENARIO E INTEGRACIÓN CON LA PLAZA DEL CONCELLO PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL DEL ENTORNO”, FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU (PRTR)”

**8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

18447 15.07.2024 DEBRA MARIA SEÑORANS POMBO, renovación cocina e baño, Insuela Nº9, Palmeira, Ribeira. Ref. Catastral: 001405100NH01C0001SM



**9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19544 01.08.2024 CARMEN PRADO MORAÑA "obra de reforma interior de vivienda mediante la sustitución de los acabados de la misma y de mejora de la envolvente instalando aislamiento en fachada. residencial vivienda, Lugar A Eirexa Nº 96- Olveira - Ribeira Ref. Catastral: 15074A048001380000KM

**10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19771 02.08.2024 MARCIAL ROMANO PEGO, cambio de ventanas, Rúa Amarella Nº 11 3-B, Ribeira Ref. Catastral: 0814601NH0101S0042IT

**11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19941 06.08.2024 TERESA SAMPEDRO LARANGA, 16 metros cierre enrejado simple torsión de 1 metro de alto. lugar de Insuela, nº 1, Palmeira: lugar de Insuela Nº 15. Palmeira, Ribeira. Ref. Catastral: 15074A007008590000KR

**12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20045 07.08.2024 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS RUA BARREIRO, 5 (PALMEIRA), pintar voladizos de la fachada y colocar plaqueta en balcones: rúa Barreiro nº 25, Palmeira Ref. Catastral: 3444223NH0134S0007DX

**13.- LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE AXEITOS S/N, OLEIROS, RIBEIRA. PROMOTOR: MIGUEL MURO SERRANO**

**VISTA** a solicitude de licenza urbanística de obra maior para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE**



**VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de **AXEITOS, S/N, OLEIROS, RIBEIRA**, da que é promotor **D. Miguel Muro Serrano**

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como

**VISTO** o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **1 de agosto de 2024**

**VISTO** o **Informe e acta de cesión** emitidos pola enxeñeira municipal o día **10 de agosto de 2024** en relación á **superficie de 88,00 m<sup>2</sup> de cesión a dominio e uso público** dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, contemplando unha **fianza** para responder polos servizos urbanísticos a completar pola construción da vivenda unifamiliar de **869,22 €**.

**VISTO** o **Contrato de cesión** asinado o día **12 de setembro de 2024** por **D. Miguel Muro Serrano** e **D. Jerónimo Caballo Arribas**, polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **88,00 m<sup>2</sup>** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana

**VISTO** o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **13 de setembro de 2024**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**VISTO** o **informe** emitido con data **16 de setembro de 2024** polo **secretario xeral da Corporación** ao abeiro do disposto no artigo art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional

Considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **D. Miguel Muro Serrano LICENZA DE OBRAS (Nº 35/24)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita no **lugar de Axeitos s/n, Oleiros, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 15074A042002480000KM, nos termos do Proxecto Básico modificado de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar con sinatura dixital de día 18 de xullo de 2024 así como do Certificado de antigüidade con sinatura dixital de día 1 de marzo de 2024 redactados polo arquitecto D. José A. Gómez Domínguez, (col. nº 4.169):

*-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.*

*-En relación á superficie **cedida a dominio e uso público afectada por aliñacións de 88,00 m<sup>2</sup>**, deberá de completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal **unha fianza de 869,22 € en metálico ou mediante aval***



**bancario no momento de retirar a licenza.**

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, tal efecto, participárase a data da súa iniciación.



**FIRMANTE - FECHA**

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 19/09/2024  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/09/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/09/2024 18:35:22



- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



| FIRMANTE - FECHA   |  | DOCUMENTO: 20241396074           |
|--|--|----------------------------------|
| LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 19/09/2024<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/09/2024<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/09/2024 18:35:22 |  | Fecha: 19/09/2024<br>Hora: 18:35 |



---

**14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan José Pérez González**

**Visto** o escrito presentado por **Juan José Pérez González**, de data 29/08/2024 (Registro de entrada nº 21.388), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 15074A007002750000KQ e sita no lugar de Lombas, Palmeira, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 09/09/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 15074A007002750000KQ e sita no lugar de Lombas, Palmeira, Ribeira.

---

**15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Andrés Gude Paz**

**Visto** o escrito presentado por **Andrés Gude Paz**, de data 26/08/2024 (Registro de entrada nº 21.147), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0722205NH0102S0005DB e sita no Paseo das Carolinas, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 10/09/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que o edificio sito no Paseo das Carolinas, Ribeira con refª catastral nº 0722205NH0102S0005DB foi construído en base á licenza de obras nº 260/1998 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de abril de 1998, e con independencia do disposto por outras administración non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á mencionada edificación.

---

**16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Lorenzo Rivadulla**

**Visto** o escrito presentado por **María Lorenzo Rivadulla**, de data 10/09/2024 (Registro de entrada nº 22.485), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 15074A029004090000KT e sita no lugar de Balteiro 2-B, Lixó, Oleiros, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/09/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración nse informa que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á 15074A029004090000KT e sita no lugar de Balteiro 2-B, Lixó, Oleiros, Ribeira.



**17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Antonio Domínguez Laranga**

Queda sobre a mesa pendente de maior estudo os escritos presentados por **Juan Antonio Domínguez Laranga**, de datas 26/06/2024 e 01/07/2024 (Registro de entrada nº 16.535 e 16.942), no que solicita certificación urbanística sobre titularidade de camiño en Chimpin, Palmeira, Ribeira. (Finca de referencia: 15074A036004060000KG).

**18.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Alejandro Freire Romero**

Visto o escrito presentado por **Alejandro Freire Romero**, de data 21/08/2024 (Registro de entrada nº 20.941), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A01900830.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 29/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

**1. ANTECEDENTES**

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400020941 do día 21 de agosto de 2024.

**2. OBXECTO DO INFORME**

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

**3. LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

**4. CONSIDERACIÓNS**

**4.1. Documentación achegada**

Presentouse unha solicitud de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

**4.2. Normativa urbanística**

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A01900830, no seu plano 4.14 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Ribeira), a escala E:1/2000 coma solo urbano Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM, Ordenanza 6.3.A.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.





### 1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

### 1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

### 1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

### 1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

## 2. Parámetros da edificación

### 2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m<sup>2</sup>.

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

### 2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

### 2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que



teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

#### 2.4. Elementos arquitectónicos

**Peche de parcelas:** Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

**Construcións auxiliares:** Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m<sup>2</sup>, só se autorizaran se existe a edificación principal.

**Corpos voados pechados:** Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

**Cornisas e aleiros:** A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

**Balcóns e terrazas:** Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

**Cubertas:** As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

#### 2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

**Peches exteriores e materiais:** A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

**Composición de fachadas e ocos:** Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

**Integración no medio natural:** A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

#### 5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela, encóntrase parcialmente, en zona de policía de canles, polo que en caso de levar a cabo calquera actuación deberá solicitar autorización a Augas de Galicia.

#### 6. OBSERVACIÓNS



O camiño á que da fronte esta parcela, non figura coma camiño público no inventario municipal do Concello, polo que deberá verificarse a súa titularidade pública para garantir a súa condición de solar.

**19.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 6993 BRM POR MOR DAS LABORES DE ROZA DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2023 RESP000047.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ**, en nome e representación de **MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- O día 07 de agosto de 2023, operarios municipais atopábanse na parroquia de Palmeira, do termo municipal de Ribeira, facendo labores de roza, cando, de súpeto, unhas pedras saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar na súa labor, batendo contra o vehículo marca Opel, modelo Astra, con placas de matrícula 6993BRM, propiedade de D. Arturo Abad Bretal e asegurado na compañía MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A, baixo o número de póliza 0009606850109.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 27/11/2023, co número 202300027362, D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, consistentes na rotura do cristal traseiro, que cuantifica na contía total de 478,53 euros.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: factura emitida na data 09/08/2023 por "Carglass, S.L." á entidade Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A.; certificado de Mapfre España en relación ó seguro do automóbil danado; informe do vehículo realizado pola Dirección Xeral de Tráfico; e copia do parte de servizo nº 7851/23 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira;

Constan así mesmo en poder desta Administración a escritura de poder outorgada na data 01/03/2016 pola entidade "Mapfre España, Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A." a favor, entre outros, de D. José Luis Martínez-olivares Gómez, autorizada polo Notario de A Coruña, D. José Manuel Lois Puente, co número 434 de protocolo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe realizado pola Policía local na data 18/10/2023.
- Informe emitido na data 27/03/2024 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.



Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

##### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

##### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os



cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **a entidade MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

Esta última, actúa representada por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de poder outorgada na data 01/03/2.016 pola entidade *“Mapfre España, Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A.”* a favor, entre outros, de D. José Luis Martínez-olivares Gómez, autorizada polo Notario de A Coruña, D. José Manuel Lois Puente, co número 434 de protocolo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 6993BRM. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local emite informe no que dispón:**
  - *“(…) Una vez en el lugar, nos recibe la trabajadora que causó el desperfecto en la luna trasera, manifestando que sucedió lo mismo que en ocasiones anteriores, que **al encontrarse realizando las labores de desbroce, salió disparada una pequeña piedra, la cual impactó en la luna provocando su fractura.** El vehículo dañado se corresponde con un Opel Astra de color gris, con matrícula 6993 BRM, a nombre de Arturo Abad Bretal con DNI 52455392M.”*



- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 27/03/2024 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos.**

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 6993 BRM e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/09/2024, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/09/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 478,53 euros, que se abonará da forma seguinte:** o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 328,53 euros.

---

**20.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> JOSEFA SAMPEDRO FONTAO POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2023 RESP00043.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> JOSEFA SAMPEDRO FONTAO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 09/11/2023 co número 202300026020, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Sampedro Fontao, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas na data 07/11/2023 cando camiñaba polo paseo marítimo de Coroso e tropezou cunha lousa do pavimento que estaba rota e mal colocada.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 02/01/2024, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.



*Terceiro.-* Consta no expediente que a notificación practicouse ó/a interesado/a na data 21/02/2024.

*Cuarto.-* Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

### CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/a interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

### QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/09/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Sampedro Fontao**, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 09/11/2023, co número 202300026020, **e declarar concluído o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 02/01/2024, notificado na data 21/02/2024.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



**21.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL PILAR LÓPEZ-VALEIRAS GONZÁLEZ POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2023 RESP000025.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL PILAR LÓPEZ-VALEIRAS GONZÁLEZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 20/06/2023 co número 202315305, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar López-Valeiras González, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas na data 16/06/2023 como consecuencia dunha caída ocorrida na Rúa Alcalde Fernández Bermúdez ó tropezar cunha lousa.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 19/03/2024, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación practicouse ó/á interesado/a na data 03/04/2024.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

**SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**





O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: “Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”

#### CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

#### QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 16/09/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar López-Valeiras González**, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 20/06/2023, co número 202315305, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 19/03/2024, notificado na data 03/04/2024**. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 22.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MANUEL CACABELOS GONZÁLEZ POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. EXPEDIENTE 2023 RESP000045.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. MANUEL CACABELOS GONZÁLEZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 14/11/2023 co número 202300026376, D. Manuel Cacabelos González, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas na data 13/11/2023 como consecuencia dunha caída ocorrida na Rúa Rosalía de Castro.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 02/01/2024, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así



mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a presunta relación de causalidade entre as lesións producidas e o funcionamento do servizo público, nin a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación practicouse ó/á interesado/a na data 15/02/2024.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

#### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

#### CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

#### QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.



#### FIRMANTE - FECHA



Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 17/09/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. Manuel Cacabelos González**, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 14/11/2023, co número 202300026376, e **declarar concluído o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 02/01/2024, notificado na data 15/02/2024**. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 23.- VAO PERMANENTE – The Logistic Box Premium

**Queda sobre a mesa pendente de informe urbanístico cos requisitos que deberá cumprir**, o escrito presentado por Ana Outeiral Martínez en representación de **The Logistic Box Premium**, de data 16/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.014), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado en Rúa García Bayón, nº 1 (Ribeira).

### 24.- VAO PERMANENTE – Feliciano Calvo Oliveira

**Visto** o escrito presentado por **Feliciano Calvo Oliveira**, de data 23/08/2024 (Rexistro de entrada nº 21.056), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado en Rúa Capela, nº 15 (Carreira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 17/07/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Conceder a Feliciano Calvo Oliveira**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (2,50 m.), na entrada ao garaxe do inmoble situado en Rúa Capela, nº 15 (Carreira), con pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

### 25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN REALIZACIÓN ETAPA DO CAMIÑO DE SANTIAGO “A ORIXE” – Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza “A Orixe”

LOGO DE VER que Dna. Manuel A. Villar Fernández, en representación da “Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixe”, presenta escrito de datas 29-05-2024,



con número de rexistro de entrada municipal 13.629, solicitando autorización para poder celebrar unha etapa circular do Camiño de Santiago “A Orixe” (Carreira – Aguiño – Castiñeiras – Carreira), o domingo 6 de outubro de 2024 de 10 a 14 horas aproximadamente. Tamén solicitan:

- Colaboración de Protección Civil e Policía Local para regular o tráfico e para atender posibles incidencias sanitarias.
- Poder ocupar a explanada xunto o centro social de Carreira para facer un avituallamento.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:  
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 13-09-24, así como a proposta de resolución co Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, favorable á mesma con condicionantes.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Conceder autorización á “Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixe” para realizar unha etapa circular do Camiño de Santiago “A Orixe” (Carreira – Aguiño – Castiñeiras – Carreira), cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **6 de outubro de 2024** de 10.00h. a 14.00h.. Non exixe de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- Autorizar a ocupación da explanada xunto o centro social de Carreira para facer o avituallamento.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa ( Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.



## 26.- APROBACIÓN AMPLIACIÓN BONOS MOSTRA TEATRO 2024

Vista a proposta da Alcaldía, de data 16/09/2024, relativa á autorización para proceder á ampliación do número de bonos da Mostra de Teatro 2024, e na que expón:

“

1.-Que a Xunta de Goberno Local na Sesión Ordinaria celebrada o día 8 de agosto de 2024, acordou aprobar os prezos públicos así como a normativa de admisión para a mostra de teatro de Ribeira, que contemplaba a venda a través da Taquilla de Abanca dun total de 380 butacas na modalidade de bonos e 85 de entradas individuais para cada función.

2.- Iniciada da venda das entradas/bonos o 9 de setembro, dende a área de Cultura advírtese da necesidade de aumentar o número de bonos á venda dada a alta demanda dos mesmos pois na primeira semana adquiríronse 376 do 380 dispoñibles. Pola contra, a venda de entradas para os espectáculos individuais está a ser moito menor polo que se prevé que queden moitas delas dispoñibles.

3.- Por isto, co fin de dar resposta á alta demanda e continuar fidelizando público ao teatro en Ribeira, favorecendo a compra de bonos que supoñen unha mellor opción económica (relación prezo-entrada) considérase necesario habilitar maior cantidade de bonos, propoñendo aumentar en 31 bonos máis en detrimento dese número de entradas individuais.

4.- Deste cambio na distribución do número de bonos/entradas resultaría ademais un cambio na relación de ingresos segundo o seguinte:

| Nº funcións da Mostra de Teatro 2024 | Nº máximo entradas/función         | Prezo público /entrada (sen iva e sen comisión bancaria) | Ingreso máximo por venda de entradas |
|--------------------------------------|------------------------------------|--|--------------------------------------|
| 12                                   | 54                                 | 4,95 €   | 3.207,60 €                           |
|                                      | Nº máximo bonos para toda a mostra |  |                                      |
|                                      | 411                                | 35,00 €  | 14.385, 00 €                         |
|                                      |                                    | <b>INGRESO MÁXIMO</b>                                    | <b>17.592,60 €</b>                   |

”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar que se proceda á ampliación do número de bonos para a Mostra de Teatro 2024.

## 27.- AXUDAS A ESCOLARIZACIÓN 2024-2025

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Briocio, de data 17/09/2024, relativa ás axudas á escolarización 2024-2025, na que expón:

“En referencia á seguinte táboa orzamentaria e despois de valorar as alegacións presentadas polas persoas solicitantes, ós listados provisionais publicados;

| Partida orzamentaria: | TOTAL                                    |          |
|-----------------------|--|----------|
| <b>231A.48015</b>     | COMEDORES ESCOLARES                      | 60.000 € |
|                       | ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR | 4.000€   |



E Segundo as Bases reguladoras das axuda á escolarización para o curso académico 2024/2025, a Comisión Avaliadora despois da valoración das solicitudes presentadas, propón os seguintes gastos;

- Libros de texto, material escolar e material didáctico:  
Solicitudes presentadas e valoradas 197 solicitudes;
  - 53 concedidas dentro do límite orzamentario de 4000 euros. O gasto total é de 3.975,00€.  
Denegadas por falta de crédito orzamentario 17 solicitudes.
    - **Gasto total: 3.975,00 €**
- Axudas de comedor escolar:
  - 107 concedidas ata límite de crédito orzamentario: 9 solicitudes de 5€ diarios, 98 solicitudes de 3€ diarios.
  - E 15 solicitudes denegadas por falta de credito orzamentario

**Gasto total: 59.664,00 €.-o orzamento aprobado foron 60.000 euros para comedor escolar.”**

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar os seguintes gastos relativos ás axudas á escolarización 2024-2025:

- Libros de texto, material escolar e material didáctico:  
Solicitudes presentadas e valoradas 197 solicitudes;
  - 53 concedidas dentro do límite orzamentario de 4000 euros. O gasto total é de 3.975,00€.  
Denegadas por falta de crédito orzamentario 17 solicitudes.
    - **Gasto total: 3.975,00 €**
- Axudas de comedor escolar:
  - 107 concedidas ata límite de crédito orzamentario: 9 solicitudes de 5€ diarios, 98 solicitudes de 3€ diarios.
  - E 15 solicitudes denegadas por falta de credito orzamentario

**Gasto total: 59.664,00 €.-o orzamento aprobado foron 60.000 euros para comedor escolar.**

## 28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – David Justicia Borrás (VINTE DE ABRIL)

**VISTO** o escrito presentado por **David Justicia Borrás**, en representación do establecemento “Bar Vinte de Abril” (Ribeira), de data 16/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.058), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Vinte de Abril” (Ribeira), o día 20/09/2024, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a **David Justicia Borrás**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Vinte de Abril” (Ribeira), o día 20/09/2024, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Vinte de Abril” (Ribeira) (**David Justicia Borrás**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á



persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

---

**29.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE MESA INFORMATIVA – Asociación galega para axuda dos enfermos tipo Alzheimer**

**Visto** o escrito presentado por María Isabel Gey Pérez en representación da **Asociación galega para axuda dos enfermos tipo Alzheimer**, de data 16/09/2024 (Registro de entrada nº 23.095), no que solicita autorización para a instalación dunha mesa informativa o día 21/09/2024, na Rúa de Galicia, nº 20 (Ribeira), co fin de informar sobre o Alzheimer e a axuda que presta a asociación.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación dunha mesa informativa o día 21/09/2024, na Rúa de Galicia, nº 20 (Ribeira).
- Dar traslado deste acordó á Policía Local para o seu coñecemento.

---

**30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAIS DE HOSTALERÍA – Miriam Paz Ramallo (ILLA – PORTO – FARO DE SÁLVORA)**

**VISTO** o escrito presentado por **Miriam Paz Ramallo**, en representación dos establecementos hostaleiros “Bar Illa, Bar Porto e Bar Faro de Sálvora” (Corrubedo), de data 17/09/2024 (Registro de entrada nº 23.179), no que solicita permiso para evento musical no exterior dos establecementos hostaleiros “Bar Illa, Bar Porto e Bar Faro de Sálvora” (Corrubedo), o día 21/09/2024, en horario de 20:30 h. a 00:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización (sen prexuízo das autorizacións doutras administracións) a **Miriam Paz Ramallo**, para evento musical no exterior dos establecementos hostaleiros “Bar Illa, Bar Porto e Bar Faro de Sálvora” (Corrubedo), o día 21/09/2024, en horario de 20:30 h. a 00:00 h.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante,





representante ou promotor/a de “Bar Illa, Bar Porto e Bar Faro de Sálvora” (Corrubedo), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

---

**31.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00165/2024 DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 2 DE RIBEIRA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00165/2024, de data 31/07/2024, remitida polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº2 de Ribeira, pola que se desestima a demanda (P.O. 0000542/2022) interposta por María Josefa Ayaso García fronte ao Concello de Ribeira sobre acción negatoria de servidume de desaugue.

---

**32.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 08/08/2024

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 13:50 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

